

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN “EX SITU” DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DAS RAZAS OVELLA GALEGA, CABRA GALEGA E PORCO CELTA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar co Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o día 27 de maio de 2016, ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e INORDE para continuar coa execución de determinadas actividades de conservación ex situ dos recursos zooloxenéticos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, destinadas ás razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Os programas de conservación “ex situ” son aqueles que se realizan fora do hábitat natural e dos sistemas de produción onde normalmente se desenvolve o recurso. Comprenden, a grosso modo, o mantemento de rabaños de cara a conservar a diversidade biolóxica fóra do seu hábitat natural. Cobran unha especial importancia naquelas razas nas que a crioconservación do seu material xenético se atopa en fases incipientes, como é o caso das especies Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta.

O Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (en diante INORDE), é un organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Deputación Provincial de Ourense, creado no ano 1987, co obxecto, entre outros, de potenciar o desenvolvemento integrado e equilibrado das zonas rurais da provincia de Ourense.

Dende fai anos, a Xunta de Galicia e o INORDE colaboran activamente na conservación e o fomento destas razas. O Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2007-2013, aprobado por Decisión da Comisión do 15 de febreiro de 2008, xa recollía, dentro da medida 214.2, actuacións relativas



á conservación ex situ das razas. O novo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, recolle de forma específica entre os seus obxectivos a recuperación da variabilidade xenética, e a súa potenciación, de ser o caso, así como a implantación de mecanismos que permitan aos gandeiros acceder aos fondos xenéticos dispoñibles das razas autóctonas, contemplando o apoio a aquelas actividades que fomenten a complementariedade entre os programas de conservación in situ e os ex situ.

A Consellería do Medio Rural pretende asinar un novo convenio de colaboración con INORDE de cara á consecución destes obxectivos nas razas Ovella Galega, Cabra Galega e Porco Celta.

A Xunta de Galicia a través deste convenio, ao continuar coa execución de actividades do programa de conservación “ex situ” destas razas, obterá os activos materiais e inmateriais que se relacionan:

Asegurar o mantemento da variabilidade xenética da raza, xa que proporcionan unha garantía de seguridade fronte ás perdas de recursos zootécnicos sobre o terreo.

Este tipo de rabaños constitúen unha reserva de efectivos no caso de epidemias ou desastres naturais.

Permiten a realización de cruzamentos dirixidos dentro dos Programas de conservación das razas.

Manter un rabaño nas mesmas condicións de manexo, nutrición, hixiénicas e sanitarias, é fundamental á hora de realizar estudos e proxectos de investigación sobre as razas.

Os animais excedentes poderán ser incorporados ás ganderías dos criadores da raza, apoiando os programas de conservación in situ.

Contar cun rabaño cun estatus sanitario óptimo e, no caso dos machos, estes cumprirán os requisitos sanitarios necesarios para a recollida de seme, co que servirán de apoio ao banco de xermoplasma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinada dixitalmente,

Belén María do Campo Piñeiro

